



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 6 de novembro de 2014  
**Hora de comezo:** 13.40 h  
**Hora de remate:** 14.20 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o concelleiro, don Manuel Mouriño Varela, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación e aboamento de factura “transporte alimentos “Cruz Vermella”**
- 3. Suspensión temporal do SAF por libre concorrencia**
- 4. Aboamento subvención á Fundación Amigos de Galicia**
- 5. Aprobación e aboamento de factura en relación co sinistro de ref. 479928132/0151 DGR**
- 6. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento – 3º trimestre**
- 7. Devolución aval**
- 8. Xustificación da axuda concedida para a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal**
- 9. Renovación licenza de tenza de animal potencialmente perigoso e cambio na titularidade do animal potencialmente perigoso**
- 10. Anticipo nómina**
- 11. Aprobación de facturas**
- 12. Inicio execución subsidiaria na leira número 535, polígono 510, de A Devesa-Oural**
- 13. Xeracións de crédito**
- 14. Licenzas urbanísticas**

15. **Rexeitamento do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de 18/09/2014, polo que se procedía ó arquivo dun expediente de reposición de legalidade urbanística iniciado contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxxx**
16. **Xustificación da subvención investimentos culturais 2014**
17. **Baixas e modificacións no padrón do lixo**
18. **Aprobación do proxecto da obra “Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros”**
19. **Rogos e Preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de outubro de 2014.

### **2.Aprobación e aboamento de factura “transporte alimentos “Cruz Vermella”**

O día 24 de outubro de 2014, co núm. 14/1963, tivo entrada no rexistro deste concello a factura correspondente ó gasto ocasionado polo transporte de alimentos (“Cruz Vermella”) desde A Coruña ata Boqueixón, realizado pola empresa “GALITRANS-96, SL”.

Este gasto, ocasionado polo transporte, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura número CR 27/14 e con rexistro de entrada número 14/1963 da empresa “GALITRANS-96, SL” polo concepto de transporte de alimentos (“Cruz Vermella”) desde A Coruña ata Boqueixón, **por importe de 399,30 €.**
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará **con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación de A Coruña.**
3. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **3.Suspensión temporal do SAF por libre concorrencia**

Visto o informe da traballadora social, no que propón a suspensión temporal *no Servizo de Axuda no Fogar*, por libre concorrencia, a nome de don José xxxxx, veciño da parroquia de Oural e tendo en conta que o usuario, que foi dado de alta no SAF por libre concorrencia na Xunta de Goberno de data 17/07/2014, trasládase provisionalmente a vivir cunha irmá no Concello de Touro, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- A suspensión temporal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia, a nome de don José xxxxx, co DNI: xxxxx, veciño de xxxxxx Oural, por un prazo máximo de tres meses, por trasladarse provisionalmente a vivir cunha irmá no Concello de Touro.
- 2.- Notificar este acordo o interesado.

#### **4.Aboamento subvención á Fundación Amigos de Galicia**

Tendo en conta que para facer o pagamento da subvención á Fundación Amigos de Galicia, a cláusula V do convenio de colaboración entre a citada fundación e o concello sinala que “*o pagamento da subvención será nun único prazo efectivo unha vez presentada unha pequena memoria xustificativa especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos) por importe igual ou superior á cantidade concedida*”, este punto queda sobre a mesa ata que se presente no Concello de Boqueixón a correspondente memoria xustificativa por parte da fundación.

#### **5.Aprobación e aboamento de factura en relación co sinistro de ref. 479928132/0151 DGR**

O 2 de outubro de 2014, co número de rexistro de saída 14/892, remítese á “MAPFRE Seguros Familiar”, reclamación de contía económica polos danos causados nun contedor verde de 800 litros e dúas unidades de suxeición de contedores de 800 litros.

Na citada reclamación faise constar que o 15 de setembro de 2014, no lugar de Sergude, na AC-960, Concello de Boqueixón, o vehículo con matrícula 0151 DGR, asegurado na compañía “MAPFRE Seguros Familiar”, impactou contra un contedor verde, de 800 litros, rompendo este así como as suxeicións do mesmo

O sinistro ten referencia 479928132/0151 DGR

A reclamación de gastos ocasionados ascende a un total de 1.294,70 euros (IVE engadido), tal e como se sinala no presuposto de gastos número 543, de data 01/10/2014, presentado por Aluminios Vedra, carpintería de aluminio.

O 23 de outubro de 2014 co número de entrada 14/1953, a empresa “Aluminios Vedra”, carpintería de aluminio, presenta factura número 143, por importe total de 1.294,70 euros, desglosados nos conceptos de módulo V001-2 UDS. Suxeición de contedores de 800 litros e módulo V002- contedor verde de 800 litros.

Consta ingresado na conta do Concello de Boqueixón a contía de 1.294,70 euros, o 24 de outubro de 2014, ordenada pola compañía de seguros “MAPFRE Seguros Familiar”, en concepto de n/ref. 479928132/0151 DGR.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura número 143, de fecha 14/10/2014, presentada por “Aluminios Vedra” rexistro de entrada do 23/10/2014 co número 14/1953, polo concepto de módulo V001-2 UDS., suxeición de contedores de 800 litros e módulo V002-, contedor verde de 800 litros, por importe total, IVE engadido, de 1.294,70 euros.
2. Facer o pagamento desta factura con cargo ó ingreso efectuado pola compañía de seguros MAPFRE Seguros Familiar.

## **6.Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento – 3º trimestre**

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 3º trimestre do ano terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.022

Servizo de saneamento: 1.334

Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

## **7.Devolución aval**

O día 7 de maio de 2013 asinouse o contrato coa empresa Obras y Viales de Galicia, SL para a realización da obra denominada Camiño de Villalapaz a Rebordaos por importe de 158.515,94 euros.

Con anterioridade, a dita empresa entregara o correspondente aval bancario polo importe de 6.550,24 euros.

O día 22 de outubro de 2014, Luis A. xxxxxx en representación de Obras y Viales de Galicia, SL solicita a devolución do aval e acompaña o informe do técnico director da obra, que comunica que a realización da mesma se fixo cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato e segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as especiais que impuxo a dirección.

Polo tanto e segundo o art. 102 da Lei de Contratos, a Xunta de Goberno acorda:

-Devolver o aval presentado pola empresa Oviga, SL para responder da obra denominada Camiño de Villalapaz a Rebordaos polo importe de 6.550,24 euros.

-Comunicar este acordo á Tesourería deste concello para que faga entrega do mesmo á empresa e ó servizo de contratación para a finalización do expediente.

## **8.Xustificación da axuda concedida para a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal**

O día 20 de agosto de 2014, esta entidade e a Consellería do Medio Rural e do Mar, asinaron un convenio de colaboración para participar na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

O importe que a Xunta de Galicia vai achegar é de 9.750,00 euros (non subvencionando o IVE) e o prazo para a súa xustificación remata o vindeiro 15 de novembro. É preciso enviar a relación clasificada dos gastos, o cumprimento do convenio e importe da execución do gasto, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

A/ Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para participar na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal:

1.- Aprobar o cumprimento da finalidade do convenio, así como, a execución total do gasto por importe de 11.355,13 € con IVE.

2.- Aprobar a relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o traballador e a relación de salario bruto e custo da seguridade social:

Nome do traballador 1: Esteban Estevez Maza

D.N.I.: xxxxx

Data de inicio da súa actividade no convenio: 01/09/2014

Data de fin da súa actividade no convenio: 31/10/2014

Mes	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	% da xornada adicado <sup>C</sup>	Coste total (A+B)·C
setembro	1.287,38	446.,72	100%	1.734,10
outubro	1.579,19	547,98	100%	2.127,17
<b>TOTAL</b>	2.866,57	994,70	100%	3.861,27

Nome do traballador 2: Carlos Torres Gil

D.N.I.: xxxxx

Data de inicio da súa actividade no convenio: 01/09/2014

Data de fin da súa actividade no convenio: 31/10/2014

Mes	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	% da xornada adicado <sup>C</sup>	Coste total (A+B)·C
setembro	1.287,38	446.,72	100%	1.734,10
outubro	1.579,19	547,98	100%	2.127,17
<b>TOTAL</b>	2.866,57	994,70	100%	3.861,27

<b>SUMAS TOTAIS</b>	5.733,14	1.989,40	100%	7.722,54
---------------------	----------	----------	------	----------

3.- Aprobar a relación clasificada doutros gastos:

Descrición do gasto	Provedor	C.I.F. Provedor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Data Pagamento	Importe Factura (SEN IVE)	Importe Total Factura (CON IVE)
Gasoil	Ulla Oil, S.L.	xxxxx	24/2683	23/09/14	24/10/14	3.002,14	3.632,59
<b>TOTAL</b>							

4.- Que o concello de Boqueixón non ten solicitado nin concedida outra axuda para os mesmos fins que os que subvencionan con cargo ao Convenio de Colaboración asinado, o

20 de agosto do corrente, pola consellería do Medio Rural e do Mar , para participar na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.

B/ Dar traslado deste acordo á Consellería do Medio Rural e do Mar.

### **9.Renovación licenza de tenza de animal potencialmente perigoso e cambio na titularidade do animal potencialmente perigoso**

O 25 de outubro de 2014 co número de saída 14/868, remítese escrito a dona M<sup>a</sup> Elena xxxxx, informándolle sobre a renovación de licenza de animais potencialmente perigosos, posto que a licenza administrativa número 1/2002, do can da súa propiedade, raza Rottweiler, núm. de identificación 724098101285590, obtívose por resolución o 16 de decembro de 2002 e a renovación da mesma debe efectuarse cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir cos requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.

Con data 29 de outubro de 2014 número de entrada 14/1986, don Diego xxxxx solicita a renovación da licenza número 1/2002 do can raza Rottweiler, núm. de identificación 724098101285590, data de nacemento 5/12/2000, macho, nome “Boris”, cor negro–fogo, con destino animal de compañía e localizado na vivenda de Oural –Camporrapado.

O solicitante expón que é o propietario do can en virtude de documento de cesión privado asinado entre a anterior propietaria, dona María Elena xxxxx e él.

Dito documento, aportado xunto con outra documentación, sinala que dona María Elena xxxxx, veciña de Oural – Camporrapado, que figura no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos como propietaria do can de raza Rottweiler, cor negro – fogo, macho, identificado co microchip número 724098101285590 e co número de licenza 01/2002, cede a propiedade do can ó seu fillo don Diego xxxxx.

Na cláusula primeira do documento de cesión, maniféstase que o citado can segue como animal de compañía no domicilio da cedente, Oural-Camporrapado e na cláusula segunda o cesionario asume todas as obrigas que conlevan o ter un animal de raza potencialmente perigosa, así como o pago de taxas ou outros gastos que sexan esixibles.

Dito documento de cesión privada da propiedade asínase con data 7 de outubro de 2014.

A solicitude de renovación preséntase acompañada da seguinte documentación:

- Documento de cesión da propiedade do can de raza Rottweiler, identificado co microchip número 724098101285590, por parte de dona María Elena xxxxx, veciña de Oural – Camporrapado a favor do seu fillo don Diego xxxxx. Data do documento: 7/10/2014.
- Información orixinal do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, de data 20/10/2014, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Diego xxxxx.
- Certificado, expedido polo Xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña, de data 22/10/2014, no cal se certifica que don Diego xxxxx, non foi sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións

impostas na Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos.

- Certificado da correduría de seguros Alper Asociados SL, no cal se certifica que don Diego xxxxx ten concertada en AXA seguros, póliza de responsabilidade civil, en cuxos riscos está cuberto o can propiedade do titular, raza Rottweiler, nado o 05/12/2000, cor negro – fogo. Data do certificado: 8/10/2014.
- Copia compulsada do pasaporte para animais de compañía, no cal constan todos os datos sanitarios do citado can. Inclúense os datos das últimas vacinas, que se efectuaron en xuño do 2014.
- Copia compulsada do DNI de don Diego xxxxx.
- Copia compulsada do certificado psicotécnico efectuado a don Diego xxxxx, de data 07/10/2014, que o capacita como apto para a (1) prórroga do certificado/autorización de tenza de animais potencialmente perigosos.
- Xustificante bancario acreditativo do aboamento da taxa de renovación da licenza de tenza de animais potencialmente perigosos, por importe de 30 euros.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Aprobar o cambio de titularidade do animal a nome de don Diego xxxxx, de raza canina raza Rottweiller, núm. de identificación 724098101285590, data de nacemento 5/12/2000, macho, nome “Boris”, cor negro–fogo, con destino animal de compañía, localizado na vivenda de Oural –Camporrapado e número de licenza administrativa 1/2002, e facer constar dito cambio no Rexistro Municipal de cans potencialmente perigosos.
2. Renovar a licenza administrativa número 1/2002 para a tenza de animais potencialmente perigosos, por un período de cinco anos, a contar desde a data de adopción do presente acordo.
3. A presente renovación de licenza ten unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada novamente antes do transcurso do citado prazo.

## **10.Anticipo nómina**

O día 4 de novembro de 2014, don José Gonzalo Torres Gil, con NIF xxxxx, traballador do Concello de Boqueixón, presenta escrito no rexistro de persoal, solicitando lle sexa concedido un anticipo de nómina, segundo as condicións estipuladas no convenio colectivo deste concello artigo 20º, por importe de mil euros (1.000,00 €), reintegrando na nómina do mes de novembro douscentos euros (200,00 €) e na nómina do mes de decembro oitocentos euros (800,00 €), polo que a data 31/12/2014 quedaría totalmente reintegrado dito anticipo.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Conceder ao traballador don José Gonzalo Torres Gil un adianto de nómina por importe de 1.000,00 euros, reintegrando na nómina do mes de novembro douscentos euros (200,00 €) e na nómina do mes de decembro oitocentos euros (800,00 €), polo que a data 31/12/2014 quedaría totalmente reintegrado dito anticipo.

## 2. Dar conta ó departamento de Tesourería-Intervención os efectos oportunos

### 11. Aprobación de facturas

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 44.467,04 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadoras mes de outubro	920	21300	805,84
2	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	Correos mes de maio	920	22200	388,21
3	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.U.	Prevención vixilancia saúde 01/08-31/10	920	22699	526,16
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico local social lestedo/gardería	920	22200	52,30
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico FAX mes de setembro	920	22200	49,00
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico central;a mes de setembro	920	22200	476,80
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico alarma mes de setembro	920	22200	28,74
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico correos mes de setembro	920	22200	24,28
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefonico P. civil mes de setembro	920	22200	29,14
10	TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 19/05-17/06	920	22200	472,57
11	TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 19/07-17/08	920	22200	469,75
12	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Servizo SMS mes 15/09-10/10	920	22200	25,23
				<b>TOTAL</b>	<b>3.348,02</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ANTA FERNANDEZ, ANA	Liquidación de gasto Ana Anta Fernández	231	23020	61,94
2	BROCOS MAREQUE, EDUARDO	Cartel PVC 1200x900x3	241	22000	72,60
3	BROCOS MAREQUE, EDUARDO	Camisetas para motoclube Boqueixón	912	22601	133,10
4	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	Material e alimentos para verán activo	334	22609	169,28
5	DARIO FERRO VÁZQUEZ	Costela, cabeza e lacón comida grupos BoqueiSons	334	22609	349,62
6	DISPAGAL GALICIA, S.L.	Material limpeza locais Lestedo	920	22199	377,51
7	DISPAGAL GALICIA, S.L.	Bolsas de basura locais sociais	920	22199	36,30
8	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	Gel de mans 5 litros	920	22199	6,90
9	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	Varilla mezcladora, cinta de carrocero, grifos..	920	21200	39,13
10	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXÓN	Monitores pilates, zumba e patinaxe mes de outubro	341	22609	1.100,00
11	EXTINFER SEGURIDAD S.L.	Mantemento extintores, BIE e sistema da gardería	920	21200	257,73
12	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	Reparación caudalímetro, calentadores,.. Fiat Scudo	130	21300	454,00
13	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE	Reparación pechadura Fiat Scudo	130	21300	130,32
14	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE	Reparar e engrasar elevelunas Terrano	130	21300	18,15
15	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	Repara motor de auga dos limpias e lámpara Fiat Scudo	130	21300	41,14
16	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	Reparar latiguillo e líquido de dirección	130	21300	92,57
17	GARCIA CEBEIRO, PABLO	Obsequio para a Garda Civil polo día da Patrona	912	22601	87,12



18	GASAMANS CHENTO, ESTHER J.	Formación lingüística de español a Patricia Pereira	334	22699	150,00
19	GASAMANS CHENTO, ESTHER J.	Formación lingüística de español a Francesca Soru	334	22699	150,00
20	GRUPO VIAJES JELBAL S.L.	Billete de tren voluntaria europea Sarolta Zalán	334	22699	75,00
21	MARTA GARCÍA REINO	Azulexos de numeración e baldosas	920	22199	79,86
22	MIGUEL ANGEL TEMBRA OUTEIRAL	Impartición xornada micolóxica	334	22699	90,00
23	MOURE, REMUÑAN Y AMIGO, C.B.	Poder notarial	920	22699	44,69
24	NEIRA CRISTOBO, YOLANDA	Liquidación de gastos Yolanda Neira Cristobo	920	23120	29,12
25	PANADERIA PENAS S.L.	Empanadas "BoqueiSons"	334	22609	253,00
26	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	Material para obras de Codeso, aceras Rebordaos, ...	453	21200	1.965,84
27	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	Materiais obra Granxola-Codeso	453	21200	1.179,00
28	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Servizo axuda a domicilio mes de setembro	231	21000	16.396,85
29	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	Prestación básica SAD mes de setembro	231	21000	1.409,21
30	SUMINISTROS TECNICOS DEPORTIVOS, S.L.U.	Xogos de redes de fútbol	334	61902	208,48
31	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	Farolillo rotativo	163	22199	24,20
32	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Campus deportivo - escolas deportivas	341	22300	200,00
33	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Bus escolas deportivas Boqueixón-Pobra do Caramiñal	334	22300	385,00
34	ULLA OIL, S.L.	Gasoil depósitos municipal	163	22199	3.498,52
35	UTRAMIC S.L.	Xestión residuos Punto Limpo	162	21300	832,21
36	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVICIOS, S.L.	Campus deportivo - patinaxe	334	22609	294,20
37	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVICIOS, S.L.	Campus deportivo - monitora	334	22609	108,90
38	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVICIOS, S.L.	Monitores verán activo	334	22609	3.504,49
39	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVICIOS, S.L.	Verán activo - patinaxe	334	22609	418,00
40	VIAJES PEILLET, S.L.	Viaxe cultural a Maceda e Allariz	334	22300	440,00
<b>TOTAL</b>					<b>35.163,98</b>

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar o seguintes listados de facturas de Gas Natural S.U.R SDG, S.A e Gas Natural Servicios SDG, S.A, por un importe total de 5.955,04 euros, con cargo ao Programa 150 Económica 22100, que a continuación se detallan:

Entrada núm. 14-1990 - Gas Natural SERVICIOS SDG, SA

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar suministro	Data emisión	Data facturación
FE14321155057144	ES0022000004357733TW1P	367,90	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	02/09/2014	01/07/14 a 29/08/14
FE14321155057146	ES0022000007164015CP1P	855,01	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	02/09/2014	01/07/14 a 29/08/14
FE14321155122064	ES0022000008842233FP1P	259,01	Campo de Fútbol, - Forte 9050	03/09/2014	01/08/14 a 29/08/14
FE14321155057148	ES0022000007031520DQ1P	383,40	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	02/09/2014	01/07/14 a 29/08/14
FE14321155057145	ES0022000007575350XB1P	166,71	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	02/09/2014	01/07/14 a 29/08/14
FE14321155122059	ES0022000004975487VE1P	54,37	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	03/09/2014	01/08/14 a 29/08/14
FE14321155122060	ES0022000007586591QM1P	254,48	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	03/09/2014	01/08/14 a 29/08/14
FE14321155948300	ES0111000009031051HA1P	1.576,00	Bombeo de Donas	16/09/2014	02/08/14 a 01/09/14
FE14321155122062	ES0022000007831162TV1P	227,19	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	03/09/2014	01/08/14 a 29/08/14
FE14321155122063	ES0022000007164583ER1P	290,98	Colexo do Forte, 9031. Forte	03/09/2014	01/08/14 a 29/08/14

	<b>TOTAL</b>	4.435,05		
--	--------------	----------	--	--

Entrada núm. 14-1991 - Gas Natural S.U.R SDG, S.A

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Data Emisión	Data Facturación
F01140910009402	ES0022000007163985LR1P	20,32	Lg. Forte, 8007 - Boqueixón	03/09/2014	01/07/14 a 01/09/14
F01140910020947	ES0022000007561243HA1P	76,62	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910036550	ES0022000007249633QC1P	41,29	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	03/09/2014	01/07/14 a 01/09/14
F01140910044828	ES0022000004975491HA1P	97,49	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	03/09/2014	31/08/14 a 01/09/14
F01140910049224	ES0022000007021268TE1P	198,26	Lg. Gándara, 9700 A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910049300	ES0022000004975490HW1P	2,26	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910050521	ES0022000007566337DZ1P	83,10	Lg. Casal, 9109 - A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910052103	ES0022000007320580LN1P	103,67	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910082559	ES0022000007455157MQ1P	139,63	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910083410	ES0022000007251856KN1P	158,03	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910083466	ES0022000007021143HN1P	106,40	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910088947	ES0022000007164018CB1P	257,72	Lg. Forte, 9030 A.Público	03/09/2014	01/08/14 a 01/09/14
F01140910093113	ES0022000007320548HA1P	235,20	Lg. Lamas, 6002 A.Público	03/09/2014	01/07/14 a 01/09/14
	<b>TOTAL</b>	<b>1.519,99</b>			

## 12.Inicio execución subsidiaria na leira número 535, polígono 510, de A Devesa-Oural

### Antecedentes

O 1 de setembro de 2014, co número de entrada 14/1606, don Ramón xxxxx, veciño do lugar de Oural-A Devesa xxxxx, presenta escrito solicitando a limpeza de maleza e corta de arboredo, que están preto da súa casa. Manifesta ademais que o propietario da leira, a cal é a número 535, é don Ramón xxxxx.

Efectivamente compróbase no servizo urbanístico que a leira propiedade de don Ramón xxxxx ten o número 535 e que está situada no polígono 510 do lugar de Oural – A Devesa.

Na Xunta de Goberno do 18 de setembro de 2014 requírese ó propietario da leira número 535 , polígono 510, do lugar de Oural – A Devesa, don Ramón xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente na mesma, nunha franxa de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don Ramón xxxxx, e corta de carballos ata gardar 15 metros de distancia da citada vivenda, no lugar de Oural-Devesa. A distancia medirase desde o paramento vertical da vivenda.

Déuselle trámite de audiencia.

Recibe notificación do requirimento o 26 de setembro de 2014

Non presentou alegacións en prazo.

Feita segunda inspección polo técnico municipal o día 29 de outubro de 2014 no lugar de A Devesa-Oural, compróbase que “a leira dedicada a monte número 535 polígono 510, do lugar de A Devesa-Oural, está limpa de maleza.

*Existen frondosas (carballos verdes e un seco) a unha distancia de 12 metros respecto do paramento vertical da vivenda. De acordo coa Lei 3/2007, de prevención contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, a distancia desde o paramento vertical da vivenda ten que ser de 15 metros”.*

#### Consideracións xurídicas

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

- O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”

- O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.**

**Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos ).**

**As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural ).**

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

- O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas

administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1.** Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa corta de carballos na leira número 535, polígono 510, do lugar de A Devesa-Oural, propiedade de don Ramón xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

**2.** Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo ascenden a un total de **285 euros**, que terán que ser **aboados polo propietario** da leira número 535, polígono 510, do lugar de A Devesa-Oural, don Ramón xxxxx.

**3.** Nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza da leira número 535, polígono 510, (Requirimentos de limpeza acordados en Xuntas de Goberno do 20/10/2010; do 18/04/2012 e do 05/09/2013) INFORMARLLE que a partires do ano 2015, procederase “de oficio” coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.

Os custos de dita limpeza repercutiránse a vostede como propietario da citada leira

**4.** Dar trámite de audiencia ó propietario, para que proceda, no seu caso, a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.

### **13.Xeracións de crédito**

Visto o informe favorable emitido pola secretaria-interventora do Concello de Boqueixón, en relación coa ampliación de crédito e polo importe que se indica, a Xunta de Goberno acorda realizar a seguinte xeración de crédito da subvención concedida pola Xunta de Galicia mediante resolución de data 10 de xullo de 2014 da Dirección Xeral de Voluntariado para o programa de voluntariado xuvenil “Val do Ulla”

Partida		Importe	Xustificada por
334	226.99	9.600,00 €	Resolución Xunta de Galicia expediente nº BS320A 2014/94-0, ao abeiro da Orde do 26 de febreiro de 2014 para o programa de voluntariado xuvenil “Val do Ulla” Concello de Boqueixón

### **14.Licenzas urbanísticas**

A) Denegación de licenza de segregación. Exp.: 14/1378.

Antecedentes

Con data do 22 de xullo de 2014, con rexistro de entrada nº: 14/1378, por José Manuel xxxxx, preséntase unha solicitude de segregación en tres novas fincas, previa agrupación de dúas existentes, sitas en Lestedo (en realidade sitas en Sergude), en base ao proxecto técnico suscrito pola arquitecta Julia Santaya Valencia. No escrito de solicitude, o comparecente manifesta que no é o propietario das fincas, pero que iso non impide a concesión da licenza solicitada, xa que, como establece o art. 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, “as autorizacións e licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro”.

Con data do 29 de xullo de 2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítense dous informes técnicos, con relación ao proxecto de segregación presentado. O primeiro informe, refírese ao cumprimento do proxecto presentado, en relación coa normativa urbanística municipal. E o segundo emítense en relación á solicitude de autorización previa, que se debe tramitar ante o Servizo de Patrimonio Cultural, ao encontrarse a segregación proposta, na contorna de protección da “*Cibdá de Aixón*”, xacemento arqueolóxico incluído no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, coa clave GA15012003.

Con data do 30 de xullo de 2014, con rexistro de saída nº: 14/720, o concello comunícalle o Sr. xxxxx, o importe da taxa (184,86 €), pola expedición e tramitación de licenzas urbanísticas, que resulta ingresada na conta municipal con data do 1 de setembro de 2014, e ordenada por Herminda xxxxx, con nº de referencia TI14S01000200320, na oficina Abanca de Lestedo – Boqueixón.

Con data do 21 de agosto de 2014, con rexistro de saída nº: 14/766, pola alcaldía deste concello, remítese unha copia completa do expediente, ao Servizo de Patrimonio Cultural, da Xunta Galicia, co obxecto de tramitar a autorización previa do dito organismo, con relación á solicitude presentada.

Visto que o Sr. xxxxx, non acredita a titularidade das parcelas, nin a representación da propiedade; e comprobado que nas notas simples informativas, aportadas na solicitude de licenza, emitidas polo rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, figura como titular das propiedades, Guillermina xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e no proxecto técnico presentado, asinado pola arquitecta Julia Santana Valencia, colexiada nº: 3.912, outórgaselle a propiedade a Concepción xxxxx, o Concello de Boqueixón, en Xunta de Goberno Local, con data do 18 de setembro de 2014, Acorda o seguinte:

1º.- Rexeitar a solicitude presentada por don José Manuel xxxxx, para agrupar, e posteriormente segregar as parcelas sitas en Sergude (segundo a nota informativa do Rexistro da Propiedade, en Lestedo segundo o Sr. xxxxx), por non acreditar fidedignamente a titularidade das mesmas, nin a representación ostentada, no seu caso.

2º.- Comunicarlle que para continuar coa tramitación do expediente ao seu nome propio, ou en representación da propiedade, deberá presentar no prazo de dez días, a documentación acreditativa da titularidade ou da representación da que actúa neste caso.

A notificación deste Acordo, foille remitida a José Manuel xxxxx, con data do 23 de setembro de 2014, con rexistro de saída nº: 14/845, e segundo se acredita no expediente, foi recibida por Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con data do 25 de setembro de 2014.

Con data do 8 de outubro de 2014, con rexistro de entrada nº: 14/1842, por José Manuel xxxxx, presentase un serie de alegacións, a notificación realizada polo concello, pero sen acreditar en ningún momento nin a propiedade das parcelas, nin a representación da titular das mesmas.

Con data do 13 de outubro de 2014, con rexistro de saída nº: 14/923, o Concello de Boqueixón solicítalle a Guillermina xxxxx, que nos informe e acredite, coa documentación correspondente, si é titular das fincas en cuestión, e en caso afirmativo, que nos manifeste a súa aprobación ou rexeitamento á solicitude de segregación, presentada a instancia neste concello, por José Manuel xxxxx.

Con data do 24 de outubro de 2014, con rexistro de entrada nº: 14/1968, por Guillermina xxxxx, con DNI nº: xxxxx, presentase un serie de alegacións, e MANIFESTA a este concello que NON APROBA, NIN AUTORIZA ningunha solicitude de segregación respecto á solicitude presentada, por quen afirma ser José Manuel xxxxx, porque carece de todo dereito sobre as ditas fincas. Con estas alegacións aportase copia do DNI, copia de notas simples informativas do rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, e copia simple da escritura nº 948, de data do 26 de novembro de 2009, relativa á aceptación e adxudicación de herdanza, ante a Notaria, Margarita Colunga Fidalgo, a nome de Guillermina xxxxx.

Con data do 3 de novembro do 2014 emítase por Secretaría-Intervención o seguinte informe xurídico:

“Antecedentes

1. A Xunta de Goberno do día 18 de setembro de 2014 acordou: “A) Rexeitar a solicitude presentada por don José Manuel xxxxx para a segregación de parcelas sitas en Sergude, por non acreditar fidedignamente a titularidade das mesmas nin a representación ostentada, no seu caso e B) Darlle un prazo de 10 días, para a presentación da correspondente documentación.

2. Con data 8 de outubro de 2014, rexistro de entrada 14/1842, o señor xxxxx alega que o informe de Secretaría constitúe un absoluto disparate xurídico; que o único que ten que analizar o concello é o cumprimento da normativa urbanística aplicable, sen entrar en cuestións relativas á titularidade dos terreos ou dos pactos privados que poidan existir entre solicitante e titular; que a concesión dunha licenza unicamente expresa a conformidade da Administración coa legalidade pero non atribúe ningunha facultade dominical ó solicitante e que se a secretaria do concello actúa así é por animadversión persoal ó comparecente xa que en moitas ocasións o concello concedeu licenzas de segregación a quen non era titular.

SOLICITA que se acorde continuar adiante coa tramitación do procedemento e conceder a licenza solicitada.

Fundamentos xurídicos

- Artigo 34 da Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións Públicas: “Se durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade en forma legal se advirte a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou de intereses lexítimos e directos, que resulten identificados a partir do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicaráselles ás ditas persoas a tramitación do procedemento”.

Con data 13 de outubro do 2014, rexistro de saída 14/923, comunicáselle a dona Guillermina xxxxx a solicitude de segregación presentada polo señor xxxxx, e con data do 24 de outubro do 2014, rexistro de entrada 14/1968, dona Guillermina xxxxx, comunica que non aproba nin autoriza ningunha solicitude de segregación realizada por quen afirma ser don José Manuel xxxxx que carece de todo dereito sobre ditas fincas.

INFORMO,

*Á vista da documentación e da normativa aplicable así como a ausencia da acreditación da titularidade e a non autorización da propietaria, infórmase desfavorablemente á concesión de licenza de segregación”.*

Vistas as alegacións e a documentación presentada por Guillermina xxxxx, con relación á solicitude presentada por José Manuel xxxxx, para a segregación en tres novas fincas, previa agrupación de dúas existentes, sitas en Lestedo (en realidade sitas en Sergude), en base ao proxecto técnico suscrito pola arquitecta Julia Santaya Valencia, por este concello, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- DENEGAR a solicitude presentada por don José Manuel xxxxx, para a segregación en tres novas fincas, previa agrupación de dúas existentes, sitas en Lestedo (en realidade sitas en Sergude), por non acreditar en ningún momento a propiedade das parcelas, nin a representación da titular das mesmas.

2º.- COMUNICAR este acordo a José Manuel xxxxx, con domicilio a efectos de notificacións en Pumares, Nº 22 – Sergude (15881 – Boqueixón – A Coruña).

3º.- COMUNICAR este acordo a Guillermina xxxxx, con domicilio a efectos de notificacións en Mougás, Nº 61 – Sta. María de Oia (36309 – Pontevedra).

B) Concesión de licenza para o inicio de actividade da ampliación do cemiterio parroquial de Sergude. Expte.: 12/2361

#### Antecedentes:

Na Xunta de Goberno Local con data do 20 de marzo de 2014 (expediente 12/2361) acordouse conceder ó Arcebispado de Santiago de Compostela, a licenza municipal de obras e actividade para realizar as obras de ampliación do cemiterio parroquial de Sergude, mediante a construción de panteóns, emprazado no lugar da Igrexa, na parroquia de Sergude, e coas condicións establecidas na propia licenza.

Con data do 1 de agosto de 2014 (registro de entrada 14/1428), don Manuel xxxxx, con DNI xxxxx, como representante da Asociación de Veciños “Areosa”, con CIF xxxxx, presenta nestas dependencias municipais Certificado final de obra, asinado polo seu director, o arquitecto don Amancio Losada Vicente e visado pola COAG con data do 21 de xullo de 2014, co fin de solicitar a regulamentaria licenza para proceder ó inicio da actividade.

Con data do 21 de agosto de 2014 (registro de entrada na Xunta de Galicia núm. 424/RX982672, de data 03/09/2014), e en base ó Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, remítese á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade a documentación correspondente ó final de obra, co fin de solicitar a preceptiva autorización sanitaria de funcionamento.

Con data do 14 de outubro de 2014, e registro de entrada núm. 14/1887 recíbese a **autorización sanitaria de posta en funcionamento** da ampliación do cemiterio, emitida o 8 de outubro de 2014 pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade .

Con data do 22 de outubro de 2014, dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello, en base á visita de comprobación á obra executada con data do 22 de outubro de 2014, emite o **informe técnico**, no que se fan constar as seguintes observacións:

*“Á vista da documentación presentada (proxecto e certificado final de obra), e realizada visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.*

*En conclusión, realizada visita de comprobación á obra executada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra e actividade concedida.”*

Consta no expediente a xustificación do ingreso da liquidación dos dereitos municipais, que se corresponde pola licenza municipal de obra e actividade concedida, por importe de 1.192,33 €

Tendo en conta os antecedentes expostos e cumpridos os trámites esixidos, a Xunta de Goberno acorda:

**1.- Conceder ó Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF: xxxxx, a licenza municipal de apertura para o inicio da actividade da ampliación do cemiterio parroquial de Sergude, emprazado no lugar da Igrexa, parroquia de Sergude, deste termo municipal, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

**2.- Notificar** este acordo a don Manuel xxxxx e a don José A. xxxxx, como representantes da Asociación de Veciños “Areosa” da parroquia de Sergude; así como ó párroco desta parroquia, don José Fracisco xxxxx e que actúan en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela.

## **15.Rexeitamento do recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de 18/09/2014, polo que se procedía ó arquivo dun expediente de reposición de legalidade urbanística iniciado contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx**

### Antecedentes:

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2014 acordou archivar o expediente de reposición da legalidade iniciado contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx, por ter transcorrido o prazo de prescrición para a adquisición do dominio.

Con data 24 de outubro 2014, rexistro entrada 14/1973, recíbese no concello o recurso de reposición contra dito acordo, presentado por dona Esclavitud xxxxx.

Alega a Sra. xxxxx o seguinte:

1. Que existen sobradas razóns de feito e de dereito para continuar co expediente de reposición da legalidade e a iniciación de oficio do procedemento de recuperación da titularidade do camiño, dada a súa natureza pública.
2. Que ao empregarse na resolución o termo “alteración” para modificar a cualificación xurídica, están partindo da premisa de que é un camiño público. E por outro lado, que o Plan Xeral está pendente de aprobación polo que non se da a circunstancia da aprobación definitiva do planeamento.  
Consecuentemente, débese iniciar o procedemento de recuperación de oficio ou interpoñer a acción correspondente perante a xurisdición ordinaria.
3. Que os bens de titularidade pública non se adquiren por prescrición adquisitiva.
4. Que os tres informes que realizan os servizos técnicos de urbanismo ratifican que o ben en cuestión e de titularidade e uso público, e que existe máis que sobrada proba documental acreditativa de que se trata dun camiño de uso público inmemorial que



se incorporou como camiño á concentración parcelaria de Ledesma realizada a principios da década dos anos 80 para acceso ás fincas de concentración.

5. Que a responsabilidade de non incorporar o camiño ao inventario é do propio concello de Boqueixón, que o planeamento se atopa pendente de aprobación e polo tanto non resulta aplicable como norma ata súa aprobación definitiva e que se sé está a calificar como desafectado é porque estivo previamente afectado e polo tanto é público. A desafectación non se produce tacitamente, senón que debe existir unha resolución de desafectación.

Trátase dun camiño que obra no plano de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria de Ledesma que data de principios dos anos 80.

6. Presenta proba documental: informes técnicos, plano de concentración, nota simple informativa e certificación descritiva e gráfica de catastro.

**SOLICITA:** que se anule a resolución de arquivo acordando a tramitación do expediente de reposición de legalidade e que se inicie de oficio as actuacións pertinentes dirixidas á recuperación do camiño.

#### **Fundamentos xurídicos:**

- 1) Tal como se sinala na alegación primeira, sempre deben existir razóns de feito e de dereito para que a administración poida adoptar unha resolución.

Neste caso, existe unha razón clara de feito: a edificación leva construída 30 ou máis anos sen que ninguén recurrira este feito ata que o fixo en 2010 dona Esclavitud xxxxx e don José xxxxx.

Existe, tamén unha razón clara e evidente: os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral tal como así establece o artigo 85.11 da Lei de Ordenación Urbanística, e as normas subsidiarias son instrumentos de planeamento. Consecuentemente, son aplicables en todo o municipio e nos termos en que foron redactadas.

- 2) En canto a segunda alegación, sinala que, tal como indican os informes técnicos, o camiño que non aparece reflectido nos planos das normas subsidiarias, sí aparece na cartografía final da concentración parcelaria de Ledesma que, obviamente foi anterior á aprobación das normas. Polo que coa aprobación das normas, que foi posterior á concentración de Ledesma, queda desafectado o camiño en cuestión.
- 3) Os bens comunais e demais bens de dominio público efectivamente son inalienables, inembargables e imprescritibles. Sen embargo os bens patrimoniais que son os que non están destinados a uso público nin afectados a algún servizo público, réxense ademais de pola Lei de Bases de Réxime Local polas normas de dereito privado, polo que si poden ser obxecto de prescripción, como si poden constituír fonte de ingresos para o concello.
- 4) Non hai dúbida de que o camiño era público, e estaba destinado ao uso público, incorporado pola concentración parcelaria de Ledesma, a principios dos 80, para o acceso á zona excluída dos procesos de concentración parcelaria. Sen embargo coa aprobación das normas subsidiarias, e incluso coa posterior aprobación definitiva do inventario municipal de bens, o camiño quedou desafectado automaticamente tal como así se establece no artigo 8. 4 do regulamento de bens das entidades locais.

Por outro lado, o camiño non era nin é utilizado polo que o seu estado de abandono é patente. Nestes anos ninguén reclamou a existencia do referido camiño (ata a reclamación presentada pola sra. xxxxx no ano 2010), o cal demostra que o camiño realmente non era utilizado por ningún propietario das fincas excluídas dos procesos de concentración parcelaria.

- 5) Cando se realizan os trámites para a incorporación de bens no inventario municipal, si se adoptan medidas de comprobación. Aínda con todo, non existe un coñecemento exhaustivo e real de todos os camiños, de terra moitos, para a súa incorporación. Por isto, é necesaria a súa exposición ao público para que os cidadáns fagan as alegacións e comprobacións que consideren oportunas. O inventario estivo exposto durante 30 días. Non se presentaron alegacións.

As normas subsidiarias, o inventario municipal e o plan xeral de ordenación actualmente en trámite (pendente de aprobación definitiva pola comunidade autónoma) non recoñecen o camiño porque na realidade física constátase aparencia dun camiño de terra sen utilidade e porque dende hai tempo, mínimo 30 anos, existe unha edificación tal como se acredita na reportaxe fotográfica nº 10 pasada B pertencente ao voo número 0121 cuxa data de realización é de 1983. Voo a escala orixinal 1:18000 o cal se encontra depositado no centro nacional de información gráfica do ministerio de fomento.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o recurso de reposición presentado por dona Esclavitud xxxxx contra o acordo da xunta de goberno de data 18 de setembro de 2014 polo que se acorda o arquivo do expediente de reposición de legalidade urbanística iniciado en xunta de goberno de data 20 de febreiro do 2014 contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx.
2. Non anula a resolución de arquivo e consecuentemente non continuar coa tramitación do expediente de reposición da legalidade.
3. Non iniciar as actuacións dirixidas a recuperación do camiño como ben de titularidade pública.

## **16.Xustificación da subvención investimentos culturais 2014**

No BOP nº 217, do 14 de novembro de 2013 saíu publicada a convocatoria de apoio á cultura dirixido a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2014.

Na xunta de goberno do 5 de decembro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para “investimentos culturais 2014” que incluía obras no local social de Lamas e adquisición de biombos para local de usos múltiples na Casa do Concello, por un importe total de 8.960,84 euros.

No BOP nº 111 de 12 de xuño de 2014 publícase a resolución definitiva desta solicitude, pola cal se concede unha subvención por importe de 2.999,19 euros, cun orzamento a xustificar polo mesmo importe.

O prazo de xustificación rematará o 31 de maio de 2015.

Tralo exposto anteriormente, a xunta de goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada de pagos realizados, con identificación dos **acreedores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Datos do orzamento comunicado na solicitude											
Concepto	Importe	Datos do acreedor		Concepto do gasto	Documento xustificativo			Importe total	Importe das desviacións	Medio de pago Data de pago:	Data e órgano de aprobación
		- Nome e apelidos completo sen abreviaturas ou - Nome da empresa	- DNI ou CIF		Tipo de documento	Data	Nº				
Local sociocultural Lamas: aislamiento térmico e falso teito	4.670,00 €	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----
Salón usos múltiples Casa Concello: biombos	1.487,40 €	Muebles Ferreiro, S.L.	xxxxx	8 biombos madeira	Factura	24/06/14	18	2.574,51 €	- 1.087,11 €	Transferencia bancaria. Data: 06/08/14	Xunta de goberno: 17/07/14
Seguridade e saúde	65 €	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----
13% gastos xerais	809,02 €	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----
6% beneficio industrial	373,39 €	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----
21% IVE	1555,19 €	Muebles Ferreiro, S.L.	xxxxx	IVE	Factura	24/06/14	18	540,64 €		Transferencia bancaria. Data: 06/08/14	Xunta de goberno: 17/07/14
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO											3.115,15 €

2º.- O importe total que se xustifica é de 3.115,15 euros.

3º.- Que o gasto xustificando, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención e no apartado 8.3.4. das bases da convocatoria de subvención a concellos para actividade e investimento cultural, correspondente ao ano 2013.

4º.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto da subvención.

5º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investimentos para as que foi concedida. Ademais empregouse a lingua galega na planificación e na execución das distintas actividades.

6º.- Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

7º.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas, xunto cos resultados obtidos.

8º.- Presentar a xustificación correspondente ante a Excma. Deputación Provincial da Coruña.

## **17.Baixas e modificacións no padrón do lixo**

### Escrito 14/1994

D. David xxxxx, veciño da parroquia de Pousada, presenta un escrito no rexistro do concello no que expón que a vivenda da súa propiedade situada no lugar de Loureiro, xxxxx, recibe a taxa do lixo por duplicado.

Explica que ten un recibo expedido a nome de María Josefa xxxxx, que habitaba na súa vivenda antes do ano 2007 no que faleceu. Segundo datos obrantes neste servizo, douse de alta no padrón do ano 2014 a don David xxxxx pero non se dou de baixa o recibo a nome de María Josefa xxxxx, polo tanto a vivenda recibe dúas taxas do lixo.

Á vista destes datos a Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo a nome de María Josefa xxxxx con núm. fixo 253000562224 por duplicidade.

Dar de baixa no padrón do lixo para o ano 2015

Comunicar este acordo á Deputación da Coruña para que anulen o mencionado recibo.

### Escrito 14/1995

D. José Manuel xxxxx, con domicilio en Forte Novo, 31 – Os Anxeles – Melide, presenta un escrito neste concello no que solicita a baixa da taxa do lixo para o ano 2015.

Alega que xa non vive neste concello, achega empadramento no Concello de Melide, e a vivenda que ocupaba no cuartel da garda civil quedou baleira.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Dar de baixa no padrón do lixo do ano 2015 o recibo a nome de José Manuel xxxxx pola vivenda situada no lugar de xxxxx – Lestedo por non habitar nela desde o mes de xuño do ano 2014.

### Escrito 14/2009

O día 31 de outubro, don Manuel xxxxx con domicilio a efectos de notificación en xxxxx Lestedo presenta unha reclamación no rexistro deste concello solicitando o cambio do suxeito pasivo no recibo do lixo da vivenda da súa propiedade.

No ano 2013 adquiriu a propiedade da vivenda por compra ó anterior propietario don José xxxxx. ( Acheга copia da escritura). Este último tiña a taxa do lixo ó seu nome e non solicitou cambio de ningún tipo polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Modificar o recibo do lixo que se emite a nome de don José Luís xxxxx e poñelo a nome de Manuel xxxxx por ser o novo propietario da vivenda.

Facer esta modificación no padrón do lixo do ano 2015.

#### Escrito 14/2031

O día 4 de novembro don Jesús Sanjuás Mera, veciño da aldea de Ardesende, parroquia de Codeso presenta unha solicitude de modificación da taxa do lixo. Explica que a taxa que recibe é a correspondente a un negocio de bar situado no baixo da vivenda que habita, e que hai máis dun ano que deu de baixa a actividade que desenvolvía. Solicita a modificación da taxa.

Na documentación xustificativa que achega, constátase que a baixa da actividade produciuse o día 18/11/2009.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Modificar a taxa no padrón do lixo do ano 2015 que se expide a nome de Jesús Sanjuás Mera por un negocio de bar e por importe de 120.39 euros, e poñer a correspondente a unha vivenda habitual por importe de 62.35 euros.

Comunicar este acordo ó interesado

### **18.Aprobación do proxecto da obra “Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros”**

No pasado mes esta alcaldía asistiu a unha xuntanza onde se informaba sobre a posta en marcha do Programa de mellora de camiños e titularidade municipal 2014-2015, que ten por obxecto realizar actuacións de ampliación, mellora ou mantemento de camiños de titularidade municipal, na procura de mellorar os accesos e a comunicación.

Nesta xuntanza deron conta da axuda coa que vai contar esta entidade, así como das liñas básicas de actuación que non difiren das ditadas no pasado ano.

Polo tanto a este concello asígnanlle a cantidade total de 91.757,00 euros que se dividen a dúas anualidades, correspóndelle a este ano a cantidade de 43.278,00 euros e no ano 2015 a cantidade de 48.478,00 euros.

Coma o pasado ano, o IVE será un concepto non elixible, e será por conta do concello. O importe do total da obra está consignado nos orzamentos pendentes de aprobar para o ano 2015.

Para solicitar a axuda, este concello elaborou un proxecto de obras onde se inclúen varios camiños de titularidade municipal, coas distintas actuacións que se pretenden realizar en cada un deles e por un importe total de 111.025,97 euros.

Polo tanto coa intención de participar neste programa a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a participación deste concello no Programa de mellora de camiños e titularidade municipal 2014-2015.

2 Aprobar o proxecto da obra denominada “Camiño de Castro de Abaixo a Frenza ( Oural) e outros por importe de 111.025,97 euros dos que 19.268,97 euros pertencen ó IVE.

3. Acreditar que tódolos terreos que están afectados polo proxecto son de titularidade municipal.

4. Asumir, unha vez recepcionadas as obras, a súa explotación, mantemento e conservación, cando menos, por un prazo de 5 anos.

5. Manifestar expresamente que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no art. 72.1 do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos 5 anos seguintes.

6. Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles regularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

8. Dispoñer dos fondos necesarios para realizar o pagamento das obras.

## **19. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o Concelleiro Manuel Mouriño Varela remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria .

A secretaria – interventora

Visto e prace  
O presidente accidental